CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É quen de adoitar unha posición crítica e sensible ante os diferentes realidades socioeconómicas e medioambientais da súa contorno.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Manifesta algunha preocupación por cuestións cívicas e sociais e polos problemas que afectan á sociedade da que forma parte.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

UD	Título da UD	Duración
7	A agricultura e a produción de alimentos.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Coñece os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, a través de propostas de investigación.	PE	25
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	É capaz de entender a relación entre os diferentes Estados e institucións supranacionais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.	TI	75
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	O alumnado coñece e valora os valores constitucionais e democráticos,		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable empregando un formato sinxelo.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	É quen de adoitar unha posición crítica e sensible ante os diferentes realidades socioeconómicas e medioambientais da súa contorna.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	O alumnado pon en marcha no instituto unha iniciativa que promova unha mellora na comunidade educativa.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de adoptar unha posición crítica e sensible ante os diferentes realidades socioeconómicas e medioambientais da súa contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
8	Os procesos de industrialización.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Coñece os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, a través de propostas de investigación.	PE	30
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	É capaz de analizar e interrelacionar os principais sectores produtivos do seu territorio.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	O alumnado é capaz de propoñer accións que contribúan a mellorar a súa contorna natural.	TI	70
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	O alumnado é que en de acadar unhas normas básicas de convivencia e coñece e exercita as súas responsabilidades, dereitos e deberes.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	O alumnado é capaz de realizar unha proposta que contribúa aos ODS na súa contorna natural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	É capaz de realizar unha análise dun traballo dun sector económico da súa contorna e realizar unha valoración sobre o seu impacto no medio natural.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de adoptar unha posición crítica e sensible ante os diferentes realidades socioeconómicas e medioambientais da súa contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
9	O sector servizos e a relación entre os mercados mundiais. A integración supranacional: procesos e institucións	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	É capaz de analizar e interrelacionar os principais sectores produtivos do seu territorio.	PE	20
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Coñece as principais cuestións cívicas e sociais e problemas que afectan á sociedade da que forma parte e manifesta preocupación por eles.		
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Coñece os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, a través de propostas de investigación.	TI	80
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Transfire a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais ou outros produtos.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	É capaz de contestar ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	O alumnado é que en de acadar unhas normas básicas de convivencia e coñece e exercita as súas responsabilidades, dereitos e deberes.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	É capaz de realizar un traballo de investigación cooperativo sobre as identidades na súa contorna en relación a un sector produtivo.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	É capaz de realizar unha análise dun traballo dun sector económico da súa contorna e realizar unha valoración sobre o seu impacto no medio natural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Rexeita actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade en xeral.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de adoptar unha posición crítica e sensible ante os diferentes realidades socioeconómicas e medioambientais da súa contorna.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Manifesta algunha preocupación por cuestións cívicas e sociais e polos problemas que afectan á sociedade da que forma parte.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.

Contidos

- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.
- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De un modo xenérico, a metodoloxía a empregar terá como finalidade que o alumnado sexa capaz, gradualmente, de aprender de forma autónoma polo que se baseará nos seguintes principios:

1. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para proceder a outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
2. Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e das competencias básicas e específicas por medio do traballo da materia.
- 3 . Será prioritaria a comprensión dos contidos que se traballan fronte a súa aprendizaxe mecánica.
4. Se propiciarán oportunidades para a posta en práctica dos novos coñecementos, de sorte que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- 5 . Fomento da reflexión persoal sobre todo o traballo realizado.
6. Elaboración de conclusións respecto dos contidos traballados, de xeito que o alumnado analice o progreso dos seus coñecementos.

No caso das unidades adicadas á Xeografía, partimos da idea de que esta materia pode axudarnos a comprender os diferentes problemas espaciais, e utilizáremola como unha ferramenta que nos permita facer ver ao alumnado as inxustizas sociais e as tremendas desigualdades existentes así como a admirar e valorar as paisaxes, entender propostas de persoas alleas a eles, etc.

Procuraremos levar á aula a preocupación polos problemas relacionados co medio ambiente, facendo partícipes a alumnos e alumnas desa preocupación. Buscaremos a maneira de que cheguen a conclusión de que a situación actual ven dada moitas veces pola insolidariedade e polo egoísmo do chamado primeiro mundo. Trataremos de facerlles ver a necesidade de cambiar de actitude para frear o perigo que corre o noso planeta.

As unidades correspondentes a Historia pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual. Farase unha labor de construción por medio da utilización de materiais ou fontes sinxelas que procederán do libro ou serán facilitados polo departamento. Sempre intentará facerse referencia á realidade máis próxima ao alumnado, e se é posible tratarase de poñelo en contacto con esa realidade para dese xeito conseguir un achegamento á mesma e unha mellor comprensión do proceso histórico.

Faremos uso de material complementario de carácter audiovisual: diapositivas, documentais, películas. Tamén empregaremos material procedente dos medios de comunicación (prensa, Internet), así como fontes estatísticas.

Un complemento ao traballo na aula virá dado pola posibilidade de que alumnos e alumnas presenten pequenos traballos de investigación, individual ou colectivamente. O obxectivo é que o alumnado puidera poñer en práctica técnicas e procedementos de investigación característicos das Ciencias Sociais.

Tendo en conta isto, as pautas metodolóxicas tratarán de favorecer unha aprendizaxe significativa e funcional no alumnado; partindo do seu nivel de desenvolvemento e establecendo vínculos significativos entre os seus coñecementos e os novos contidos que favorezan e melloren o seu nivel de competencia curricular.

Para conseguir isto, o traballo na aula basearase nunha metodoloxía activa, participativa e dinámica, implicando ao alumnado nas aprendizaxes a través de:

Actividades que obriguen ao alumnado a poñer en práctica os novos contidos, amosándolles así a funcionalidade das aprendizaxes e favorecendo a adquisición destas.

Lectura, comprensión e análise de textos dos diferentes temas tratados na aula, fomentando una visión crítica destes e mellorando as súas capacidades de comprensión e expresión.

Emprego de diferentes estratexias de aprendizaxe (esquemas, resumos, etc.) que favorezan a adquisición dos novos coñecementos.

Realización individual ou en grupo de proxectos, elaboración de materiais, guiados polo profesor para que os alumnos traballen de forma activa na adquisición dos coñecementos.

Realización de traballos de investigación, guiados polo profesor (individuais ou en grupo) sobre a realidade máis próxima, potenciando no alumno/a a capacidade de manexar distintas fontes de información.

Actividades que potencien a autonomía do alumnado na planificación, realización e autoavaliación das tarefas, posibilitando que aprendan a aprender.

Utilización de diferentes formas de agrupamento dentro e fóra da aula, segundo a actividade a realizar e o momento no que se atopa o proceso de aprendizaxe.

Realización de actividades que teñan proxección fóra da aula (traballos para a revista do centro ou para a páxina web, exposicións sobre un determinado tema, participación nas actividades da biblioteca, etc, que favorezan a autoestima do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Explicacións teóricas e presentacións de power point de apoio
Material didáctico interactivo
Elaboración de esquemas, resumos, mapas conceptuais
Procura e interpretación de documentos históricos, mapas e gráficos
Uso das tics
Uso de edixgal
Uso de material histórico e xeográfico especializado

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar o nivel de coñecementos previo do alumnado na materia, para o cal realizarase un dossier de contidos básicos na aula (mapas mudos e liña do tempo coas idades e etapas da Historia). Tamén se adicará unha sesión inicial a comprobar o seu interese pola materia e as súas actitudes e expectativas cara a mesma a través dunha reflexión en conxunto sobre imaxes e a realización dunha posta en valor e unha reflexión colectiva sobre o sentido da materia de xeito oral.

Ao mesmo tempo tamén se realizará unha actividade inicial ao comezo de cada unidade para comprobar o estado dos coñecementos do alumnado na materia e a tamén se existen prexuízos ou preconceitos sobre o tema que imos tratar, empregando a técnica da choiva de ideas ou brainstorming e o debate en grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	10	12	12	12	10	10	10	100
Proba escrita	52	40	30	25	35	0	25	30	20	29
Táboa de indicadores	48	60	70	75	65	100	75	70	80	71

Criterios de cualificación:

En todas as avaliacións a cualificación será a media ponderada das cualificacións obtidas segundo as seguintes porcentaxes:

O 70% da cualificación corresponde ás probas escritas. Realizarase un mínimo de dúas probas escritas en cada avaliación. A cualificación numérica obtida da media das probas escritas supón o 70% da calificación. En cada proba figurará a puntuación que se lle vai asignar a cada pregunta, sumando un total de 10 entre tódalas preguntas e puidendo asignarlle decimais. Se o profesor o considera pertinente poderá incluír na proba escrita mapas físicos e/ou políticos dos distintos continentes e de España. Como medida de reforzo positivo para favorecer a participación do alumnado e a consecución dun ambiente constructivo na aula o profesor pode, se o considera pertinente e a dinámica do grupo o permite, premiar a resolución de preguntas e determinadas tarefas opcionais e as contribucións sobresaíntes á materia ou á dinámica na aula con positivos, que se sumarán á calificación da proba escrita ate un máximo dun punto, seguindo así a metodoloxía da economía de fichas. A cualificación das probas escritas poderá reducirse nun máximo dun punto de dez en función da ortografía, a redacción e presentación.

O restante 30% da cualificación corresponde coa elaboración de proxectos que impliquen a recollida, elaboración e exposición da información en distintos formatos, co obxectivo de fomentar o traballo na aula, a planificación, a toma de decisións e a realización dun debate crítico sobre os temas tratados nas unidades do trimestre. Algúns destes traballos poderanse realizar seguindo unha metodoloxía colaborativa, organizando ao alumnado en equipos, sempre e cando sexa viable tendo en conta a dinámica da aula, e reservándose o profesor o dereito a decidir en todo o momento se o traballo se fai de xeito individual ou en grupos e cómo se forman os grupos, comprometéndose a seguir sempre un criterio estritamente pedagóxico na toma destas decisións. Para fomentar a capacidade de asumir responsabilidades e crear un ambiente de traballo na aula, o profesor fará especial fincapé na importancia de entregar os proxectos en tempo e forma, puidendo non avaliar un determinado proxecto se o alumno ou alumna non o presenta en tempo e forma, en cuxo caso o proxecto considerárase non presentado e non sumará nada na calificación da avaliación. O profesor empregará rúbricas de avaliación para avaliar estes proxectos cuns criterios uniformes. A presentación, as faltas de ortografía e a redacción serán tidas en conta nos proxectos, constando na rúbrica de avaliación ou puidendo reducir en ate un punto sobre dez a calificación do alumnado en dita tarefa.

Para superar con éxito cada avaliación o alumno ou alumna debe obter 50% da calificación sumando os dous criterios anteriores, expresada dita calificación nun número do un ao 10, puidendo incluír decimais.

REDONDEO: En tódalas avaliacións, o número resultante dos criterios anteriores redondearase cara o número enteiro superior a partir de sete decimais. Por exemplo, a partir do 4,7 pódese acadar o 5 e superar a avaliación. En caso de que a nota sexa inferior a sete decimais e superior a cinco, o profesor valorará se redondear cara arriba ou cara abaixo en función das circunstancias académicas de cada alumno, do seu rendemento cotiá na aula e da súa capacidade para adoirar unhas normas básicas de convivencia, empregando sempre criterios pedagóxicos na toma desta decisión.

Non se repetirá o exame a un/unha alumno/a que non asista a clase o día sinalado sen unha causa debidamente acreditada mediante una xustificación.

A cualificación da avaliación final ordinaria de Xuño establecerase mediante a nota media aritmética das avaliacións do curso. Para superar a materia a cualificación final ten que ser superior a 4,7.

Criterios de recuperación:

En caso de non superar unha avaliación, o alumno ou alumna ten dereito a realizar unha proba escrita de recuperación que terá lugar trala sesión de avaliación. Dita proba versará sobre os mesmos contidos traballados ao longo da avaliación non superada. Para superar con éxito cada avaliación o alumno debe obter 5 puntos ou máis de 5, ata un máximo de 10 puntos, en ditas probas escritas de recuperación.

Se a media aritmética das tres avaliacións ordinarias non acadada un cinco, o alumno ou alumna terá dereito a un exame final de recuperación do curso, que se considerará superado se o alumno ou alumna obtén 5 puntos ou máis de 5, ata un máximo de 10 puntos.

Non se repetirá o exame a un/unha alumno/a que falte o mesmo o día sinalado sen unha causa debidamente acreditada mediante unha xustificación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A orientación e seguimento dos alumnos/as con materias pendentes de cursos anteriores será levada a cabo polos profesores do Departamento que imparten clase no curso ordinario no que está adscrito o alumno/a.

-Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspensa algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzo educativo coa finalidade de que poida acreditar o coñecemento dos contidos mínimos esixibles para aprobar a materia realizando boletíns de exercicios propostos polo Departamento, sempre relacionados cos contidos mínimos, boletíns que serán devoltos corrixidos antes do exame.

O docente que imparta clase a estes alumnos/as encargárase de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Tamén se realizarán probas de carácter específico para avaliar o grao de adquisición por parte do alumnado dos devanditos contidos mínimos.

O alumnado poderá consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lles poidan presentar na elaboración das actividades.

Procedemento de Avaliación

-A materia dividirase en dous parciais, o primeiro a mediados de xaneiro e o segundo a mediados de abril de 2024. Para superar a materia será preciso superar ambas probas escritas. Na confección das devanditas probas teranse en conta os obxectivos e os contidos mínimos da materia.

Dentro de cada parcial a realización dos boletíns de exercicios correspondente ao mesmo significará o 40% da cualificación do parcial, mentres que a proba escrita significará o 60% restante. Pode aprobarse a materia por parciais si se dan as seguintes circunstancias:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles)

- Obtendo unha cualificación \geq que 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais.

-Aqueles alumnos/as que non acadasen deste xeito os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar no mes de maio, e se é necesario no mes de Xuño, unha Proba final na que entrarán todos os contidos, tendo así mesmo que entregar os boletíns de exercicios segundo o mesmo criterio de calificación que nos exames parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para a atención á diversidade no conxunto da aula levaranse a cabo actividades variadas mediante as cales o alumnado poida poñer en práctica competencias e habilidades diversas, puidendo avaliar así os distintos perfís que compoñen ao noso alumnado.

Para a atención á diversidade de alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo e requira medidas de reforzo aeducativo, sempre que ditas necesidades estean debidamente comunicadas polas familias ao centro, diagnosticadas e comunicadas por orientación na sesión de avaliación inicial ao profesor, seguiranse as indicacións dos protocolos oficiais, sendo estes entendidos como unha ferramenta flexible que permite ao docente ser aplicada en maior ou menor e interpretada de forma aberta segundo as circunstancias de cada alumno ou alumna en particular. Terase especial consideración no tocante ao formato das probas escritas e ao tempo asignado para a súa realización.

Para o alumnado que amose dificultades ou un desfase curricular severo realizaranse Adaptación Curriculares Significativas de común acordo con orientación, adaptando materiais e criterios de calificación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación Cívico-Social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación Ambiental				X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a Igualdade	X	X		X			X	
ET.4 - Emprendemento					X	X	X	
ET.5 - Comprensión Lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible				X		X	X	X
ET.7 - Educación para a Paz	X	X	X					
ET.8 - Educación para o consumo						X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación Cívico-Social	X
ET.2 - Educación Ambiental	X
ET.3 - Educación para a Igualdade	X
ET.4 - Emprendemento	
ET.5 - Comprensión Lectora	X
ET.6 - Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible	X
ET.7 - Educación para a Paz	X
ET.8 - Educación para o consumo	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha exposición itinerante da comarca	Segundo a oferta cultural dos museos, fundacións e organismos oficiais			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Ferrol	As instalacións do Arsenal Naval, aos Castelos, ao barrio da Madalena.			
Clube de lectura	Participación nas actividades do Clube de lectura do Centro			
Certames, convocatorias	Participación en certames ou convocatorias relacionadas coa materia.			
Plan Proxecta	Participación nos diferentes plans proxectas do centro			
Actividades complementarias	Día da Constitución			

Observacións:

Coa fin de contribuír ao mellor desenvolvemento integral dos nosos alumnos e sobre todo de facer fincapé na adquisición de determinados hábitos de traballo decidimos para o presente curso unha serie de actividades que podemos incluír no apartado de complementarias e extraescolares aínda que algunha delas ben puidera estar incluída perfectamente nos propios desenvolvementos curriculares que figuran máis arriba.

Quedarían excluídos de participar nas devanditas actividades complementarias e/ou extraescolares os alumnos/as que tivesen acumulados ao longo do trimestre algún parte de incidencia de conduta na materia de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

A conduta dos alumnos/as na celebración das citadas actividades complementarias e/ou extraescolares poderá ser obxecto de amoestación por parte dalgún profesor se non é a adecuada.

Aínda que quedan moitos aspectos por concretar como horarios de realización de visitas, membros do propio Departamento que se impliquen na planificación da actividade, colaboración con outros Departamentos, dispoñibilidade horaria escolar, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado as características do alumnado.
Consegiuse formar un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Consegiuse a participación activade todo o alumnado.
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Adaptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.

Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Elabóranse probas de avaliación tendo en conta a diversidade da aula
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias de animación á lectura
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Préstase atención aos elementos transversais dos currículos e incorpóranse aos contidos impartidos.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

Descrición:

Todos estes indicadores serán avaliados segundo unha escala de observación do 1 ao 4, sendo 4 a máxima realización do indicador.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os datos dos controis cotiás, así como os indicadores de logro, servirán para avaliar o grao de adquisición de competencias por parte do alumnado e sacar conclusións de seguimento e avaliación mensual da programación.

Os resultados trimestrais servirán para unha avaliación mais exhaustiva que levará a confirmar ou modificar a organización dos contidos, a metodoloxía, as actividades didácticas ou os criterios das probas de avaliación dos alumnos recollidas nesta Programación inicial. Ao fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso o Departamento avaliará:

¿ Desenvolvemento en clase da Programación.

¿ Adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades reais.

¿ Propostas de mellora.

¿ Ao finalizar cada trimestre, recolleremos estes datos na seguinte táboa, e estes e outros aspectos quedarán reflectidos na Memoria Anual do Departamento.

Para elo, desde o departamento realizarase unha táboa de indicadores que será avaliada cunha escala de observación. nesa escala a avaliación será numérica do 1 ao 4, sendo 4 a máximo logro do indicador.

Alguns exemplos de indicadores son:

O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.

Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación

Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.

Adecuación da estratexia metodolóxica.

Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.

9. Outros apartados